



Asunto: Petición de xuntanza para tratar a situación actual da pandemia pola COVID-19

D. JULIO C. TRASHORRAS DE LA FUENTE, CON D.N.I. núm. 33333525Q, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO,actuando na súa calidade de Vicepresidente Autonómico de ANPE Galicia

EXPOÑO:

Desde ANPE Galicia dirixímonos a esta Consellería para solicitar unha xuntanza coa finalidade de tratar e recibir de primeira man a información relativa ao incremento de contaxios pola COVID-19 no ámbito escolar e docente, así como as previsións destas dúas consellerías (Educación e Sanidade) respecto da aplicación ao persoal docente da terceira dose da vacina.

A preocupación no colectivo docente é acorde ao aumento de cifras de contaxio: son profesionais que traballan en primeira liña, con contacto e atención directa con decenas ou centos de alumnos e alumnas, protexidos unicamente con máscaras en aulas pechadas e que permanecen a maior parte do tempo coas fiestras abertas co que supón especialmente agora, coa chegada do inverno máis cru.

A inmensa maioría do profesorado está vacunado, temos feito todo o que se nos pediu, desde a responsabilidade colectiva: agora Goberno da Xunta non nos pode deixar á marxe.

SOLICITO:

Se nos convoque, á maior brevidade posible, á anteriormente citada xuntanza para tratar os temas descritos no presente escrito.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente en:

Lugo, 10 de decembro de 2021.



Asdo.: JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE
VICEPRESIDENTE ANPE GALICIA.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Complexo Administrativo San Lázaro S/N Santiago de Compostela. A Coruña